

Darío Xohán Cabana

Os clásicos do imaxinario

Empezarei por afirmar algo ben obvio: as literaturas non son iguais. Naturalmente, a literatura -a poesía- é un fenómeno universal, e dun xeito ou doutro, nun grao ou noutro de desenvolvemento, todos os pobos e todas as linguas parecen coñecer a poesía polo menos en dúas das súas tres formas aristotélicas: a poesía lírica e mais a poesía épica, ou sexa a narración fantástica. Pero, xaora, os xeitos de cada literatura están sempre en relación co grao de desenvolvemento do pobo que a crea. En primeiro lugar, poden distinguirse dous estadios radicalmente diferentes –aínda que poidan coexistir, e de feito coexistan sempre en diferentes proporcións–, os dous estadios esenciais do fenómeno literario: o oral e ágrafo e o da literatura escrita. E dentro de cada un deses dous grandes estadios pódense distinguir tamén diferencias até o infinito, e talvez fose divertido poñerse agora a divagar sobre elas, pero non será o caso. A min o que me interesa establecer como premisa é que as literaturas son diferentes, se non no esencial, polo menos no accidental, e que esta parte accidental, específica de cada caso nacional, é realmente o que máis nos importa a nós, escritores de nacións sen estado, escritores en linguas que, nun grao ou noutro de alarma, están en perigo de extinción nun horizonte temporal que nos afecta persoalmente. Porque xaora, non é o mesmo que o italiano, poñamos por caso, poida teoricamente extinguirse de aquí a trescentos anos ou quíntos, cá angustiada ameaza de que o galego, se non lle poñemos remedio –que si llo poñeremos– pode estar nunha situación semellante á do gaélico irlandés de aquí a cincuenta anos, na vida natural dos nosos fillos, ou de moitos de vós.

Hai uns anos houbo entre nosoutros, os galegos, unha curiosa manía: a de «normalizar» a nosa literatura. Entendíase que «normalizar» era, máis ou menos, que houbera novela negra; é dicir, entendíase que, pra sermos felices, aquí tiñamos que facer as mesmas cousas que fan os escritores anglosaxóns, ou polo menos os españois. Estou esaxerando un pouco, xaora; pero non moito. Eu, desde logo, nego a pertinencia dese programa de homologación, e nego mesmo, polo menos en parte, a posibilidade de levalo a cabo. Cada literatura xorde e desenvólvese nunhas circunstancias históricas, políticas, económicas, determinadas, e aínda que a literatura é por certo unha realidade autónoma, vai estar sempre en relación dialéctica con esas circunstancias. Autónoma claro que é a literatura; ben o sabemos os galegos, que creamos –crearon os nosos maiores– unha literatura por un puro e xenial acto de vontade dun reducidísimo grupo de bondadosas, democráticas, ilustradas e intelixentes persoas, pola vontade programática oposta ó vento negro da historia que condenaba o noso dialecto, xa case reducido ás clases traballadoras asoballadas, á paulatina corrupción e a unha extinción sen gloria.

¿Como podemos pretender que a literatura creada por Rosalía, Pondal e Curros sexa igual cá literatura española, ou cá francesa, ou cá portuguesa que temos ó carón e case na mesma lingua? A nosa literatura foi creada como un artefacto nacional, e mesmo como unha fábrica de nación. Sei que isto é simplificar un pouco; ben se sabe que a literatura galega é hoxe algunhas cousas máis ca iso, e ben se sabe que antes de Rosalía e de Pondal xa houbera algunhas cousas; pero simplificando un pouco é como se establecen as máis claras verdades esenciais.

Si, hai que ter en conta a prehistoria; non se pode esquecer a preciosa obra en galego de

Francisco Añón, breve chea de acertos; non se pode esquecer a inmensa obra Pintos Villar, que á parte do libro precursor A gaita galega deixou espallados máis de dez mil versos escritos na nosa lingua, que acaba de reunir e editar marabillosamente M^a do Carme Ríos Panisse; non se pode esquecer o caso do xeneral progresista Antonio Fernández Morales, que publicou seis mil versos en galego berciano dous anos antes dos Cantares Galegos de Rosalía.

Pero é xustamente nos Cantares Galegos de Rosalía onde empeza simbolicamente a literatura galega, e o simbolismo é neste caso moi real, porque se trata dun gran libro, dun libro xenial. Os anteriores non o son. Nin Pintos Villar nin Fernández Morales eran xenios literarios; escribían bastante ben, rimaban con habilidade. Francisco Añón tiña condicións máis altas, pero tampouco non chegaba a tanto; e tampouco non era un xenio Nicomedes Pastor Díaz, que antes de dedicarse ó sentimentalismo hiperbólico en castelán e á carreira ministerial en Madrid escribiu no seu galego nativo dous longos poemas, case catrocentos versos moi estimables dun romanticismo moito máis clasicista.

Pero Rosalía é unha poeta xenial. A nós tocounos a fortuna, neste recanto de Occidente probe e deixado da man dos deuses, de termos no inicio da nosa literatura moderna dous poetas xeniais, Rosalía e Pondal, que son a cousa máis radicalmente moderna que houbo no seu tempo na poesía de toda a Península Ibérica, Portugal incluído, xaora. Dous altísimos poetas de nivel mundial, ós que na seguinte promoción xeracional –pero na mesma xeira literaria– se uniría aquel poderoso Manuel Curros Enríquez que, sen ser quizabes tan innovador, foi no seu tempo un dos máis altos cumes da poesía cívica de Europa, ó carón, poño por caso, dun Eugène Pottier. Si, ó carón de Eugène Pottier; onde non podemos poñer a Curros é ó carón de vulgaridades –poño por caso tamén– coma Núñez de Arce, compañía á que algúns o quixeron relegar. Hai máis xenio nun só poema de Curros –por exemplo no Nouturnio– ca en toda a altisonante prosopopea daquela especie de poeta oficial da ben-pensancia semiliberal contrarrevolucionaria.

Os Cantares Galegos de Rosalía de Castro son un libro xenial. Son poesía costumista, disque. A propia Rosalía estaba equivocada cos seus Cantares, e cría, ou dicía crer, que eran algo así coma os de Antonio de Trueba ou de Ruiz Aguilera. Non eran. Os Cantares de Rosalía son unha epopea popular nacional, e unha epopea feminina. Non unha epopea feminina como pode ser a marabillosa Mirèio de Mistral na que un varón –gran poeta por certo– conta unha fermosa inventada historia de amor tráxico case como pretexto pra nos ir presentando a súa –e nosa– Provenza amada. «Cante uno chato de Prouvènço / dins lis amour de sa jouvènço, / à través de la Crau, vers la mar, dins li blad...» É bonito. Pero non, isto de Rosalía é máis aínda, isto de Rosalía é unha epopea –vou dicir a palabra, con guión e todo– unha epopea nacional-popular na que fala en primeira persoa unha muller verdadeira e multiforme, pero sempre pobre, obreira e da aldea, e sempre espiritualmente libre, esa «meniña gaiteira», que canta o mundo e o centra descaradamente en si, e que é tamén un trasunto máxico de Rosalía, pobre, fidalga e da aldea, pero tamén muller de alta cultura que le os grandes poetas franceses na súa lingua e que pode atuarse cos seus contemporáneos de maior estatura. O doloroso prestixio de Follas novas case fixo palidecer o destes Cantares galegos, sobre todo desde que pegaron neles certos críticos do século pasado. Eu non sei cal deses dous libros é mellor; probablemente a cuestión é estúpida, porque na Rosalía dos tres grandes libros

poéticos non se pode andar escollendo: cada un deles e o conxunto deles é un dos máis tesos cumes da poesía universal. Pero tamén vos digo de verdade: se me facedes a clásica pregunta de cal dos tres escollería eu para a clásica illa deserta, eu, con gran dor de corazón polas outras perdas, pero coa alegría de ir acompañado polas máis belas palabras do mundo, levaría os Cantares galegos, o libro polimorfo, xenial, totalitario, onde Galicia está máis fermosa e vigorosa e popular ca en ningún outro libro de Rosalía ou de ninguén.

Aí está, en Cantares galegos, unha das grandes partes do imaxinario que hai xa case século e medio impregna o pobo galego. Porque certamente o pobo galego –é dicir, nós– vímonos aí, nesta poesía clara e profundísima onde nos parece atopar o mellor e o máis nobre e o máis verdadeiro de nosoutros. Que somos homes e mulleres: feliz, por moitas desgrazas que teña, unha nación que ten unha fundadora coma a nosa, porque isto é xa ter algún camiño andado.

E digo fundadora, porque a conciencia nacional, a consciencia de sermos un pobo e de conformarmos unha nación, é algo que nace entre nós, sobre todo, dunha literatura que nos dá unha imaxe de nós mesmos que antes só tiñamos dunha maneira bretemosa, indefinida, inane, non operativa. Coma se nos ollásemos nun espello embazado... Galicia como nación nace do pensamento fecundo de Murguía –o home con quen durmía Rosalía, non o esquezamos; o camarada de Rosalía, o seu compañeiro de cama e de partido. O pensamento de Murguía ten moito que ver coa poesía de Rosalía e de Pondal –que son, xaora, independentes; Murguía como poeta valía pouco ou nada; pero pensaba moito ben, e o seu pensamento foi o que definiu a tarefa, o que inspirou a inspiración.

Os Cantares galegos, e despois Follas novas coa súa grave carga de dor e de traxedia, forman un dos pés, e quizais o principal, da grande trepia en que esteamos o caldeiro máximo que coce a nosa encaldada nacional. Son, case diría, o pé do presente, como outro pode ser o pé do pasado e outro o pé do futuro, pero iso é moito simplificar, así que non o direi. Afirmarei, iso si, a radical fe democrática que arde e nos queima na poesía de Rosalía de Castro, e direi que a presenza continua da «meniña gaiteira» nas súas diversas formas, e o fluír dos distintos personaxes do pobo traballador nos versos máis lindos, máis sonoros, máis sabios e mellor construídos do mundo, fan que a nación, de súpeto, se nos amose evidente, conmovedora, inevitable, xusta.

E outro dos pés da grande trepia é o Pondal dos Queixumes dos pinos e do noso fermosísimo himno nacional, que aínda non hai moito cabreou tanto a unha patulea de imbéciles e escuros da extrema dereita de Madrid. Pero o papel de Pondal na construción do imaxinario nacional galego é moi anterior á creación do himno galego, tan democrático e laico, do que agora celebramos o centenario oficial, e anterior mesmo á publicación dos propios Queixumes dos pinos. Pondal era dous anos máis vello ca Rosalía, e xa en 1856, sendo mozo de vinte e un anos, e estando a punto de cumprirse o décimo cabodano dos mártires da liberdade fusilados en Carral, Eduardo Pondal facía –aínda en castelán– canda o seu camarada Aurelio Aguirre o famoso brindis democrático do Banquete de Conxo: «Decid: ¿quién hizo al hombre diferente / de su hermano? ¿Quién dio mayor nobleza / al corazón de un déspota tirano / que al honrado sudor del

artesano?» O Banquete de Conxo! Dixo Manuel Murguía «daquela realizouse o milagre de que na cidade morta de Santiago, e á voz de dous nenos, se levantase o proletariado». Este banquete, no que os señoritos, fidalgos, burgueses e estudantes, serviron a comida ós artesáns e operarios de Compostela, con grande escándalo e furia levítica, formou parte grande da mitoloxía progresista e democrática, que foi con moita diferenza o ingrediente máis importante que entrou a conformar a idea nacional de Galicia e o sentimento e o pensamento nacionalista galego histórico. Só determinadas estupideces – coma tal a de que Pondal era un poeta aristocrático, ou a de que Otero Pedrayo era un carca con simpatías polo carlismo– puideron nalgún intre –xunto talvez con outros intereses– levar a algúns a afirmar o contrario e privilexiar a Risco sobre Castelao. Proba evidente: cando se conformou a Fronte Popular con que gañamos as eleccións de febreiro do 36 e o referendo do Estatuto, o Partido Galeguista tiña uns cinco ou seis mil afiliados, e Vicente Risco e Filgueira Valverde, que eran anticomunistas profesionais, quixeron formar unha Dereita Galeguista e abandonaron o partido de Castelao e de Bóveda –e de Otero Pedrayo– xunto con outros militantes, que por toda enchente non chegaron en total a cincuenta.

Pero volvendo a Pondal: no famoso Álbum da Caridade, florilexio bilingüe publicado en 1861 con ocasión dos Primeiros Xogos Florais da Coruña, aparece o seu fulgurante poema «A campana de Anllóns», que en realidade xa se publicara tres anos antes nun xornal de Pontevedra chamado El País. Este poema, que xa naceu clásico, reimprimiuse unha chea de veces en prestixiosos lugares, e valeu tanto coma un libro prá fama de Pondal... Teñamos en conta que daquela non era o libro persoal o medio único, nin quizabes o principal, de difusión da poesía. Francisco Añón, que foi moi prestixioso no seu tempo, non publicou ningún na súa vida, que durou sesenta e cinco anos; e o fecundísimo Xoán Manuel Pintos, que espallou tranquilamente 15.000 versos polo mundo, non reuniu nin a cuarta parte deles no seu único libro, A gaita gallega, que ademais foi saíndo por entregas. Pondal xa era Pondal co'A campana de Anllóns, e cos Rumores dos pinos, despois dos seus anos de soidade e sufrimento, xa era tamén o Bardo. Pero é dos Queixumes dos pinos, como conxunto canónico, do libro que falamos pra entendérmonos como segundo pé literario do imaxinario nacional galego. Mais falaremos pouco, menos do debido, só o necesario para apuntar dúas cousas que teño por esenciais.

Primeira cousa: xa dixen que se ten dito que Pondal é un poeta aristocrático, querendo con iso dicir que el era un aristócrata e que a súa poesía é aristocratizante, valla esta palabra o que valla. En primeiro lugar, que Pondal fose un aristócrata non é exacto. Pondal era dunha familia de orixe fidalga, bastante rica pero non opulenta, nin moito menos propiamente aristocrática, que se dedicaba ós negocios comerciais e industriais. E que ademais pola parte paterna era de orixe asturiana, non estará de máis lembralo, pois na construción da nación galega o sangue e os apelidos non importaron nunca nada: Pondal medio asturiano, Murguía medio vasco, o seu gran editor Martínez Salazar todo enteiro de Astorga, a dinastía leonesa dos Alvarez, que na actual xeración dos magníficos Álvarez Caccamo non ten máis ca un oitavo de sangue galego, se é que tal cousa existe... A min que non me veñan con historias de racismo. E Pondal, por moi fidalgo que fose, era médico de carreira, aínda que practicamente non tivo que exercer, pois prá súa modesta vida de solteirón, sempre entre a casa de Ponteceso e a pensión familiar acostumada da Coruña, chegábanlle ben as rendas familiares. Por outra banda Pondal era, como cidadán, un demócrata, e como poeta era un poeta radicalmente

democrático, nunha forma moito máis profunda e auténtica có compasivo burgués que se laia das laceiras e miserias dos pobres. Pondal é moito máis radicalmente democrático como poeta porque non se pon a choromicar polas miserias de ninguén, senón que nos seus poemas os pobres, as xentes do traballo, os labradores, os mariñeiros, os criados, son representados como príncipes, como heroes, como reis: despois de todo, eles son os compañeiros do Bardo. E cando o Bardo se imaxina a si mesmo enterrado en certo promontorio cabo da desembocadura do río Anllóns, é isto o que impetra do futuro:

Ou sexa, que oficio do bardo é xustificado e louvado polo traballador do mar de escuro rostro, que é, naturalmente, o dono da nación que el canta, porque el é o bardo dos pobres polo que preguntarán, despois de morto, as anduriñas ó volveren de África:

...polo bardo dos servos e ilotas
preguntarán.

Estamos conformes: é boa cousa que o burgués compasivo pingue laceiras pola vida miserable do labrador, pero seguramente o labrador está mellor en Pondal, que empeza os Queixumes dos pinos dicindo:

Polo baixo cantando
o boo bergantiñán
coa aguillada ó lombo
e garboso ademán,
que á Ponte-Ceso leva,
en noite de luar,
grave o carro de táboas,
anteposto quezais;
por cousas que n'esprica
dun fondo e vago afán,
mil escuras suidades
ceibando ós ecos vai;
e da patria a punxente servidume
parece recordar.

E así seguido. O nobre solemne ton é a que lle acae á descrición épica dun gran guerreiro ou dun mítico rei antigo; pero o descrito é simplemente un labrador de Bergantiños que vai guiando un carro de vacas, e a descrición acáelle, porque ese labrador é pró cidadán Eduardo Pondal, pró bardo Eduardo Pondal, o seu irmán e camarada; e como son iguais, o Bardo describe o Labrador coma un home chantado no centro do mundo, como o dono do mundo que debe ser. E acabouse a demostración: iso é democracia.

A poesía de Pondal cumpre o programa político e cultural de Manuel Murguía dunha maneira aínda máis clara que a da propia Rosalía. Todo o que está en Murguía está en Pondal: a democracia, o republicanismo esencial, o atlantismo, o celtismo... Murguía leu a historia da torre de Breogán e da conquista de Irlanda pola súa estirpe, que é miticamente a mesma estirpe nosa, e Pondal converteu todo en materia poética; e máis aínda, en himno nacional: «pois onde quer xigante / a nosa voz pregoa / a redenzón da boa / nazón de Breogán». Murguía achou as relacións íntimas entre o folclore céltico irlandés e o noso, entre os mitos de aló e de acá, que se cadra Miranda xa falou algo diso esta mañá, e vai Pondal e inventa en cada topónimo máis ou menos opaco de Bergantiños un nobre guerreiro celta, ou un bardo antigo. Ou se cadra unha nobre muller guerreira coma «Maroñas, virxen intrépida / de maxestuoso andar», que antes de morrer das súas terribles feridas «despois do duro combate / que o nobre celta Folgar / contra do esquivo romano / librou de Xallas no chan», antes de perder os sentidos do mundo solicita a «Margaride, bardo da voz sin igual»:

–Doce e tenro Margaride
do gracioso mirar,
a quen inda a dura lanza
non encalleció as mans,
tan garrido e brando como
o doce toxo molar
que crece na escura gandra
no seu tempo xogoral,
¡Ouh Margaride, a túa arpa
éme mui doce escuitar...!

Podía aducir outros fragmentos, pero escollo este porque me gusta moito, e mais se cadra porque tamén foi moi repetido que Pondal era un asqueroso machista... Tá ben, eu non o negarei; pero isto que acabo de ler escribiuno el, e non parece que estivera moito na idea dos roles masculinos e femininos, porque cousas parecidas a esta pode encontrar calquera polo menos unha ducia na súa brevísima obra.

Obra breve inmensa dun poeta xenial. Estoutros días estiven relendo a Carducci, un gran poeta seu contemporáneo –os dous naceron en 1835– co que ten bastantes cousas en común. Carducci está moi ben, a min gústame moito, aínda que ande un pouco desprestixiado por un dos peores poemas que escribiu, e que infelizmente é o que máis veces se repite del : «T'amo, o pio bove; e mite un sentimento / di vigore e di pace al cor m'infondi...» Si, Carducci está moito ben, pero Pondal é mellor poeta; Pondal é un xenio, un milagre; cada nova vez que se le, Pondal é novo, e medra, e axigántase... E el é o segundo pé, fundamente mítico e heroico e ó mesmo tempo democrático e popular, o segundo pé da trepia en que se estea o caldeiro do imaxinario da nosa nación. Somos fillos de Breogán, que ó mellor non o houbo sequera, pero non importa; tampouco non houbo Santiago en Compostela, e hai que ver o rebumbio que se formou con iso, e a de

cartos que se fixeron co negocio. Somos fillos de Breogán porque así o deixou posto o Bardo en versos inmortais que son o noso himno; en realidade somos fillos de Pondal.

E o terceiro pé da trepia é Curros. Manuel Curros Enríquez, bastante máis novo ca aqueles dous, é considerado sobre todo un poeta civil, político e social. Integramente éo, aínda que tamén escribiu sobre si mesmo, e desde logo é un poeta dono de todas as grazas do dicir na deliciosa lenda, tan católica, da Virxe do Cristal, que cantou por amor ás tradicións da súa Celanova natal –e ós dous mil réas do premio, que boa falta lle farían– a pesar de ser protestante de relixión. É Curros un gran poeta, grave e fondo. Xa fixen mención do seu Nouturnio, belísimo poema lírico-narrativo no que a voz principal é a dun vello labrego reducido a pedir polas portas, arruinado e só por un incendio no que lle morreu a muller, queimada con canto tiñan. Un terrible poema, coma moitos outros, deste poeta republicano e radicalmente demócrata que o pobo galego amou como Francia puido amar, por exemplo, a Victor Hugo; ou se cadra aínda máis, porque somos máis pobres. Non falarei tampouco moito deste nobre home, non direi da súa vida rebelde e dura, non analizarei os seus grandes poemas nos que a fe democrática, o odio á opresión e ó escurantismo e o amor do pobo e do progreso nos conmoven tanto. Foi un gran poeta; dixo Pondal, que lle sobreviviu nove anos aínda que era dezaseis máis vello: «Se non for na Ponte-Ceso / sepultádeme na Cruña / a cabo do insigne Curros, / xa que a del e a miña musa / a fala de Breogán / fixeron nobre e robusta: / eu quero xacer de par / de tan nobre sepultura...»

Non falarei case de Curros, pero direi unha cousa: en dous sitios, nun poema d'Aires da miña terra e nun canto d'O divino sainete, Curros constrúe quizabes por primeira vez a idea orgánica e lostregante dunha literatura galega en marcha, dialéctica, que non é xa mera consideración territorial erudita baseada na acumulación dunha serie de escritores nados ou aveciñados en Galicia. Na terceira edición d'Aires da miña terra inclúese o poema «O Ciprianiño», dirixido a «Xan de Deza, bon labrego» arruinado pola súa obsesión de buscar tesouros enterrados guiándose polo apócrifo libro de San Cipriano. E Curros aconséllao:

Olla, Xan: pra esas tristuras
que te afogan, pra esas dores,
hai recetas:
dos magos deixa as leuturas;
le os galegos escritores
e poetas.

Non máis soñes, bon labrego,
non máis soñes montes de ouro
nin moreas.
Teu millor libro é o galego,
teu gran tesouro o tesouro
das ideas.

Cando consultes Murguía,
Paz(2), Pondal, Añón e Lamas,
e no bico
as cancións de Rosalía
teñas sempre, que tanto amas,
serás rico!

E agora poderíamos traer aquí o canto III d'

O divino sainete

, onde a condesa de Pardo Bazán, odiada cordialmente por Curros, define sen querer a literatura galega pola rabia envexosa con que a nega no Tren dos Sete Pecados que vai ó xubileu de Roma... A visión dialéctica desta literatura nova é máis clara aínda neste treito xenial, mais non teremos tempo.

Coido que abonda isto, non obstante, pra irmos acabando. O que me parece é que nun espazo duns vinte anos, pola conxunción feliz de tres grandes poetas e un historiador e pensador político de gran altura, construíuse a base fundamental dun imaxinario nacional aínda vixente grazas, si, á súa riqueza simbólica, á rara confluencia nunha tarefa común dun conxunto de xenios literarios que ben poucas veces se teñen reunido na historia en tan pouco tempo, e probablemente nunca nun país tan pequeno coma o noso. Pero grazas tamén a outra cousa: á condición radicalmente democrática da materia deste soño nacional. Nas nacións sen estado a literatura cumpre un papel esencial: en primeiro lugar, o papel de crear a propia nación dinámica, histórica, mediante a súa propia formulación non só teórica, senón tamén mítica, no máis nobre sentido e valor que poden ter os mitos. Sabemos que ó mellor non somos fillos de Breogán; pero ó mesmo tempo tamén sabemos que o somos, e que somos a guerreira Maroñas e o bardo Margaride, e o vello labrego que anda a pedir polas portas e oe cantar o sapo na profunda noite, e somos a meniña gaiteira de Rosalía, como somos a viúva e o emigrante que a abandonou, e as campanas de Bastavales son as campás da nosa aldea, e ir de Santiago a Padrón «cun chober que era arroiarse» é o mesmo ca andar todos os camiños de Galicia. Somos quen somos grazas a eles; e se un día chegarmos a ser algo, a eles llelo deberemos. Eles puxeron o alicerce.

Si, infelizmente nese alicerce aínda estaba ausente a clase obreira industrial, que era case invisible naquel tempo, e estaban ausentes outras cousas tamén; mais se cadra estaban prefiguradas. E anque non estiveran! Despois de Rosalía, Pondal e Curros houbo Manuel Antonio, o piloto anarquista poeta sen igual no mundo; houbo Castelao, que foi o grande líder, o guieiro noso, e era un bon escritor; houbo Blanco Amor, que puxo o Ourense obreiro no corazón da patria; houbo Otero Pedrayo, que foi pra nós o presidente da nosa república secreta; houbo Lorenzo Varela, o combatente comunista, quizabes o poeta do mundo que máis mitos fundou en menos versos; houbo Álvaro

Cunqueiro, o triste soñador das alegrías, o xenial poeta, o mitógrafo inmenso; e hai Méndez Ferrín, figura máxima da nosa literatura, que vén sendo unha cousa como unha síntese de Rosalía, Pondal e Curros e todos os demais, que inventou Tago e Ata, que ergueu a máis alta fábula das nacións oprimidas de Europa no cárcere do Príncipe, que mete o Gran Sol e a guerrilla no noso imaxinario nacional, e a clase obreira e mais o rei Artur, e os labregos botados das súas terras pola Garda Civil, que iso inda foi coma quen di antonte. E houbo e hai tamén ducias e ducias de tipos secundarios coma quen vos fala –pero xa acaba–, que ó mellor, nun día afortunado, conseguiron imaxinar unha pequena cousa que pasou a formar parte desa gran masa mítica que é a literatura galega, unha literatura nacional, un territorio liberado que prefigura a forma dunha Galiza ceibe. Unha literatura que non é coma as outras, porque é –tamén– unha arma de combate. O pai Breogán e os mártires de Carral, Maroñas e Manuel Ponte, Margaride e Manuela Sánchez, a «meniña gaitreira» e María Balteira, Añón guiando a Curros no Tren dos Sete Pecados e o rei Don García encadeado, o sabre de Solís e a pistola do Foucellas, os segadores en Castela e o mar, o barco e mais nós, Merlín en Miranda e os tres líderes mariñeiros mortos no mar cando fuxían do terror, Bran que era deus facéndose ponte pró seu pobo e Amaury na prisión do Príncipe, a xusticia pola man e Rotbaf Luden entrando na Grande Fraga, o lapis de Pondal e a pluma de Rosalía.

NOTAS

Bilbo, Delmas, 1850.

Juan Bautista Agirre, Erakusaldiak, antologia, Donostia, Klasikoak, 1999, Fidel Altunaren edizioa, 212. or.

1. O Osmo é unha praia na enseada de Corme, boa para fondear os barcos de pesca; debe estar –pra que rime– case significando o propio Corme. A Barra estreita a boca do esteiro do Anllóns.

2. Xoán Manuel Paz Nóvoa, amigo e defensor de Curros, mediano poeta ocasional pero gran xurista, revolucionario militante e autor de célebres artigos, reunidos en libro, sobre a redención dos foros.